

**CONVOCATORIA DE PUBLICACIÓN DE  
MONOGRAFÍAS E MANUAIS  
DO ANO 2013**

O Servizo de Publicacións abre a convocatoria de publicación de monografías e manuais do ano 2013.

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as teses de doutoramento e as memorias de oposición e os traballos que partan delas. Tampouco se publicarán teses de licenciatura nin traballos ou proxectos de fin de carreira.

Co obxecto de mellorar o servizo, de sacar o mellor proveito dos recursos e de poder contar con maior información para aprobar os libros que se van publicar, a Comisión solicita a presentación do libro completo.

Os manuais destinados ó ensino de calquera lingua, poderán publicarse nela.

Os interesados deben presentar dúas copias do cuestionario-solicitud correspondente, neste Servizo ou nos rexistros da reitoría ou dos campus de Pontevedra e Ourense. O prazo remata o día **20 de decembro de 2013**.

A Comisión de Publicacións, á vista das solicitudes presentadas e atendendo ó orzamento asignado a este Servizo, decidirá o número de obras que se poden publicar este ano. Os acordos tomados por esta comisión comunicaránselles ós interesados. Os autores das obras que teñan a aprobación previa da comisión deberán remitir o orixinal definitivo, para, no caso das monografías, enviárllelo a dous expertos alleos á Universidade de Vigo para que as avalíen; no caso dos manuais, bastará co informe dun só experto na materia. Se os informes dos expertos son favorables (os dous no caso das monografías), e tendo en conta o regulamento, a comisión dará a aprobación definitiva ós traballos que se van editar.

Vigo, 30 de outubro de 2013  
O Vicerreitor de Transferencia de Coñecemento



José Antonio Vilán Vilán